

Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

Ficha documental da epistola de Luís Seoane, a Francisco Fernández del Riego do 08/07/1950

Colección:

Data: 08/07/1950

De:

Luís Seoane;

Para:

Francisco Fernández del Riego;

Orix:

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

Destino:

Vigo (municipal), Vigo (comarcal), Pontevedra (provincial)

Temáticas:

Asuntos particulares;

Mencionados:

Xosé Abraira;

Transcrición da epistola de Luís Seoane, a Francisco Fernández del Riego do 08/07/1950

Buenos Aires, 8 de Xullo de 1950

Querido Del Riego:

Vai a Meira, seu pobo fronteirizo, e a recorrer coa sua dona raudamente Galiza, un amigo noso, un hirmán; verdadeiro hirmán no namoro e na teima: Xosé Abraira. Eiquí debémoslle moitas cousas, moito traballo feito a cotío en pro da terra e débeselle o seu entusiasmo case isolado n-unha coletividade de barados.

De todos cantos foron a visitar Galiza nos últimos anos, e con desvariadas representaciós d-eiquí, é o úneco que meresce o voso agasallo, a vosa estima, porque é tamén dos poucos que non vai, sendo galego americano, a “visitar” Galiza.

Frente a íl, nos non temos o complexo dos edosos traxes dos nosos guardas municipaes, dos probes ferrocarriles, das casas sin ascensor, e da nosa mingada industria, e non temos que decir: “Mais, escoite, temos outras cousas...” Il, coma nós, tamén ama algún dos nosos anacronismos e as nosas, ás veces beneficiosas, limitaciós, e non porá o xesto despreciativo dos “ches” pol-os traxes dos nosos villeus; pensa coma nós que temos outras cousas.

Paréscese un pouco a mín en que fala con exabruptos, mais no caso d-il leéde no seu corazón. Trata de atopar a verdade pol-o camiño do diálogo e da contradición e si non touvese tanto humor celta sería un peripatético.

Recibe unha gran aperta de

Seoane

[Manuscrito]

Saudos da miña muller pra ti, e d-ela e meus pra tua dona.

Créditos do proxecto web

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.